



Colexio Eduardo Pondal
Soc. Coop. Galega

CIRCULAR INFORMATIVA

PE-02-R08



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación
la Ciencia y la Cultura



Miembro de
Escuelas
asociadas de
la UNESCO

DATA: 20/05/2020
REMITENTE: SECRETARÍA
PARA: PAIS E NAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS

ASUNTO: AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2020/2021

Estimadas familias:

Con data 19 de maio de 2020 a Consellería de Educación publicou o extracto da Orde do 12 de maio de 2020 pola que se regula a **participación no fondo solidario** de libros de texto e se **convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en **Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial** en centros docentes sostidos con fondos públicos para o **curso escolar 2020/21**.

Quen desexe solicitálas poderá optar polas seguintes formas de presentación **antes do 19 de xuño**:

- Na secretaría do centro
- De forma telemática a través da aplicación FondoLibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>)
- Na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

O modelo de solicitude poderase obter no portal educativo www.edu.xunta.es, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na web do colexio ou na propia secretaría.

A Solicitude deberá estar asinada por todos os membros da familia que obteñan ingresos e acompañada dunha fotocopia **completa e actualizada do libro de familia**. Non se aceptarán solicitudes que non veñan acompañadas da fotocopia do libro de familia.

Se a situación familiar declarada na solicitude (a 31 de decembro de 2018) non coincide cos datos contidos no libro de familia (como consecuencia, por exemplo, de separación ou divorcio, defunción, etc.) deberá documentarse a nova situación mediante **certificación ou volante de convivencia** expedido polo concello ou **sentenza de separación ou divorcio** ou **convenio regulador**. En caso de **minusvalía** dalgún membro da familia tamén deberán documentar esta circunstancia.

➤ **REQUISITOS PARA SOLICITAR AS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, para alumnado de 1º e 2º de Primaria e Educación Especial:**

- Renda per cápita familiar que non supere os 10.000 €.

➤ **REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, para alumnado de 3º a 6º de Primaria e Educación Secundaria:**

- Ter entregados en **BO ESTADO TODOS OS LIBROS DO FONDO DO CURSO 2019/20**. O contrario será causa de **EXCLUSIÓN** directa da participación no préstamo.
- Renda per cápita familiar que non supere os 10.000 €.

➤ **REQUISITOS PARA SOLICITAR AS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, para alumnado de Primaria, Secundaria e Educación Especial**

- Ter entregados en **BO ESTADO TODOS OS LIBROS DO FONDO DO CURSO 2019/20**. O contrario será causa de **EXCLUSIÓN** directa para solicitar esta axuda.
- Renda per cápita familiar que non supere os 6.000 €.

O importe das axudas para a adquisición de libros será de **210€ ou 140€**, segundo o nivel de renda, para **1º e 2º de Primaria**, cantidade que será descontada do importe dos libros no recibo de outubro no caso de adquirilos na librería do colexio. Non obstante, aqueles que soliciten esta axuda e non vaian adquirir os libros de texto no colexio deberán pasar pola secretaría do centro para recoller un **VALE** polo importe correspondente o cal poderán cambiar por libros na librería que desexen.

O importe das axudas para a adquisición de material escolar será de **50€**, cantidade que tamén será descontada do importe correspondente no recibo de outubro no caso de adquirilo na librería do colexio. Non obstante, aqueles que soliciten esta axuda e non vaian adquirir o material escolar no colexio deberán pasar pola secretaría do centro para recoller un **VALE** polo importe o cal poderán cambiar polo material na librería que desexen.

NOTA: Para o cálculo da renda per cápita familiar sumaranse os importes da base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460) das declaracións da **renda do ano 2018** de todos os que obteñan beneficios na unidade familiar e dividírase entre o número de membros da mesma.

Se teñen algunha dúbida pódense informar na páxina web da Consellería de Educación ou pórse en contacto coa secretaría do centro no teléfono 986 303 032.